



Concello de Vigo  
Expte. 4327/1101

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 7/2024

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 25 DE MARZO DE 2024

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Concesión Medalla da Cidade. Expte. .20061/101. Expte. Pleno 4328/1101.
- 2.- Nomeamento de Vigueses Distinguidos. Expte. 20060/101. Expte. Pleno 4329/1101.

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Caride Estévez, María José  
Espinosa Mangana, Elena  
Estévez Rodríguez, Pablo Luis  
Fernández Pérez, José Manuel  
Gómez Díaz, Gorka  
Iglesias López, Patricia  
Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen  
López Font, Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana Maria  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Calviño, Patricia  
Rodríguez Rodríguez, Nuria  
Silva Rego, M.<sup>a</sup> Carmen

##### POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

García González, Patricia  
Garrido Valenzuela, Irene  
González Abeijón, Fernando  
Martin Peña, Jose Miguel  
Sanchez Méndez, M.<sup>a</sup> Luisa

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe  
Martínez Piñeiro, Ana  
Pérez Igrexas, Xabier

#### NON ASISTEN:

Aguiar Castro, Yolanda, concelleira do grupo municipal Socialista.  
Iglesias González, Ana Laura, concelleira do grupo municipal Socialista.



No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás once horas e dezasete minutos (11:17) do día vinte e cinco de marzo do ano dous mil vinte e catro (25/03/24), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario de Administración municipal, don Jose Villán Fuertes, que actúa como Secretario Xeral do Pleno e dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

### **1.(56). CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE. EXPTE. 20061/101. EXPTE. PLENO 4328/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 20 de marzo de 2024, a Alcaldía emite o seguinte informe proposta,

#### I. LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Constitución Española de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 24 de febreiro de 2021 (BOP PO núm. 87 de 10.05.2021).
- Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981.

#### II. ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

Segundo.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rúeiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e "calquera outra distinción que acorde a Corporación".

Terceiro.- No seu artigo 7, o dito Regulamento establece como distinción a Medalla da Cidade e o seu artigo 3 establece que se poderá propoñer aos candidatos/as por mor de moción da Alcaldía, dos grupos políticos, por petición popular ou por petición dun número de Concelleiros e Concelleiras igual á maioría absoluta.



Copia do documento - Concello de Vigo  
4383-1101

Data impresión: 02/08/2024 10:06

Páxina 2 de 16

CSV: A5AD5A-2FD3BH-B7EC57-B1CB8L-XP6VA5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Cuarto.- Pola súa parte, Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 24 de febreiro de 2021 (BOP PO núm. 87 de 10.05.2021), establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a “concesión de distincións que correspondan ao Pleno”.

Quinto.- Con data 20 de marzo de 2024 celebrouse Xunta de Voceiros/as co obxecto de evacuar o trámite de consulta previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, comunicándose a proposta de conceder as Medallas da Cidade.

Sexto.- Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 12 de marzo de 2024, a Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, ordena o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión das Medallas da Cidade 2024, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.

### III.- PROPOSTA

#### A) Medallas de Ouro da Cidade de Vigo

A proposta do presente ano 2024 de galardoados, a motivación e méritos para outorgar as distincións aos candidatos para recibir as Medallas de Ouro da Cidade 2024 son:

- CORPO NACIONAL DE POLICÍA-BICENTENARIO
- HOSPITAL RIBERA-POVISA

#### B) As motivacións para outorgar as distincións Medalla de Ouro da Cidade de Vigo aos galardoados son:

##### - CORPO NACIONAL DE POLICÍA-BICENTENARIO

O 13 de xaneiro de 1824, por iniciativa do Rei Fernando VII, promulgouse a Real Cédula pola que se creaba a Policía Xeral do Reino, antecedente histórico da actual Policía Nacional e primeiro corpo de ámbito estatal coa función de “garantir o ben e a seguridade pública”. Ao longo destes dous séculos de existencia, a Policía Nacional non deixou de servir con gran espírito de servizo público.

O ano 1979 marca un fito importante xa que 42 mulleres xuraban o cargo e formaban parte da primeira promoción feminina. Actualmente son 12.600 as mulleres que forman parte deste Corpo

A Policía Nacional de Vigo vén dando resposta inmediata e eficaz ás demandas da cidadanía, consolidándose como unha institución querida e valorada pola cidadanía. Foi quen de evolucionar e adaptarse aos desafíos de cada época, forxando nese longo recorrido uns principios e valores moi sólidos, nados do esforzo, do sacrificio e, sen dúbida, do heroísmo dos seus integrantes.

##### - HOSPITAL RIBERA-POVISA

A historia do Hospital POVISA comeza a finais dos anos 60 cando un grupo de prestixiosos médicos de Vigo deciden unir nun solo espazo as súas respectivas clínicas. Aínda que a sociedade se fundou como tal en 1969 non é hasta marzo de 1973 cando se inaugura o edificio do hospital na rúa Salamanca.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:06	Páxina 3 de 16
4383-1101	CSV: A5AD5A-2FD3BH-B7EC57-B1CB8L-XP6VA5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Neses primeiros anos, POVISA ofreceu aos cidadáns as especialidades existentes nas clínicas dos seus fundadores, ademais duns sistemas de tratamento do cancro que sitúan ao seu servizo de oncoloxía na vangarda de época. Máis adiante, creou a unidade de queimados que sería pioneira en Galicia.

Co paso dos anos, o hospital crece e vaise modernizando e renovando tecnoloxicamente, consolidando o concerto co Servizo Galego de Saúde e o crecemento das especialidades.

Na actualidade Ribera POVISA é o hospital de referencia para 120.000 persoas da área sanitaria de Vigo e conta con 1.500 traballadores, o que a sitúa como segunda empresa da cidade con maior número de empregados.

### C) Incidencia económica

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para os galardoados/as, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

### D) Competencia

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo.

Polo exposto, en atención aos especiais e importantes méritos recollido na parte expositiva deste informe-proposta e no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía Presidencia contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elevase ao órgano Pleno a seguinte..."

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta de acordo que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporada á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e dous (22) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, García González, Garrido Valenzuela, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e tres (3) votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:06	Páxina 4 de 16
4383-1101	CSV: A5AD5A-2FD3BH-B7EC57-B1CB8L-XP6VA5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ACORDO.

PRIMEIRO.- Conceder a Medalla de Ouro da Cidade de Vigo 2024 a:

- CORPO NACIONAL DE POLICÍA-BICENTENARIO polo seu gran espírito de servizo público ao longo destes dous séculos de existencia.
- HOSPITAL RIBERA-POVISA pola súa traxectoria como hospital de referencia para na área sanitaria de Vigo.

SEGUNDO.- “Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

## **2.(57). NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS. EXPTE. 20060/101. EXPTE. PLENO 4329/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 20 de marzo de 2023, a Alcaldía emite o seguinte informe proposta,

### I. Lexislación aplicable

- *Constitución Española de 1978.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.*
- *Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades lo cais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro*
- *Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 24 de febreiro de 2021 (BOP PO núm. 87 de 10.05.2021).*
- *Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981.*

### II. Antecedentes

PRIMEIRO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

TERCEIRO.- En aplicación do artigo 5.3. do Regulamento de Honras e Distincións, aprobado por acordo plenario de 29 de setembro de 1981, a Comisión de goberno do 14 de marzo de 1988 (actualmente Xunta de Goberno Local), aprobou a institucionalización do nomeamento de “Vigués Distinguido” para galardoar “á persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ao longo das súas vidas polas



Copia do documento - Concello de Vigo  
4383-1101

Data impresión: 02/08/2024 10:06

Páxina 5 de 16

CSV: A5AD5A-2FD3BH-B7EC57-B1CB8L-XP6VA5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

*virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; vigueses famosos, populares e mesmo, nalgúns casos, persoas que, polo seu labor calado ou polo seu auto-rexeitado protagonismo, non son coñecidas pola maioría.*

*CUARTO.- Pola súa parte, o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 24 de febreiro de 2021 (BOP PO núm. 87 de 10.05.2021), establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a “concesión de distincións que correspondan ao Pleno”.*

*QUINTO.- Con data 20 de marzo de 2024 celebrouse Xunta de Voceiros/as co obxecto de evacuar o trámite de consulta aos grupos políticos con representación no Pleno, previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, realizándose a proposta que se contén no expediente de referencia.*

*SEXTO.- Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 12 de marzo de 2024, a Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, ordena o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión dos galardón Viguesas/es Distinguidas/os 2024, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.*

### III. Fundamentos xurídicos

#### A) MARCO LEGAL

*PRIMEIRO.- A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 137 a organización do Estado en municipios, provincias e as comunidades autónomas que se constitúan y determina que todas estas entidades gozarán de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. No seu artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecéndose que o seu goberno e administración corresponde aos respectivos concellos.*

*SEGUNDO.- Neste marco legal, no ano 1985 apróbase a Lei Reguladora das bases do réxime local que establece como potestades dos entes locais a regulamentaria e a de autoorganización.*

*TERCEIRO.- O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro establece no seu artigo 189 que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios.*

*CUARTO.- Pola súa parte, o artigo 190 da citada disposición sinala que os Concellos, Deputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares poderán acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, cualidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor no expediente que se instruírá ao efecto.*

*QUINTO.- O artigo 50.24 do dito regulamento determina que será atribución do Pleno da Corporación a concesión de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos e conferir títulos de fillos predilectos ou adoptivos ou de membros honorarios da Corporación.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:06	Páxina 6 de 16
4383-1101	CSV: A5AD5A-2FD3BH-B7EC57-B1CB8L-XP6VA5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*SEXO: O artigo 191 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que “os requisitos e trámites necesarios para a concesión dos honores e distincións a que se refiren os dous artigos precedentes (189 e 190), determinarase en Regulamento especial”.*

*SÉTIMO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo. No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla de Vigo) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.*

*OITAVO.- Con data 24 de febreiro de 2021 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente o Regulamento Orgánico do Pleno, que no seu artigo 28.4 establece como trámite preceptivo e non vinculante a consulta previa á Xunta de Voceiros para a concesión de distincións que correspondan ao Pleno.*

*NOVENO.- Con data 20 de marzo de 2024 celebrouse unha Xunta de Voceiros/as extraordinaria co obxecto de tratar como único punto na orde do día a concesión das distincións de Viguesas e Vigueses Distinguidos e da Medalla da Cidade, dando cumprimento así ao preceptuado no dito artigo 28.4 do Regulamento de Organización do Pleno da Corporación.*

*DÉCIMO.- Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 12 de marzo de 2024, a Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, ordena o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión dos galardóns Viguesas/es Distinguidas/os en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.*

**B) MOTIVACIÓNS PARA OUTORGAR AS DISTINCIÓNS DE VIGUESAS/ES DISTINGUIDAS/OS:**

**- EX AEQUO ÁS ENTIDADES EDUCATIVAS CON 50 ANOS O MAIS DE PERMANENCIA NA CIDADE.**

**1.- IES A GUÍA**

*Este centro educativo naceu no ano 1967 como Sección Delegada do Instituto masculino Santa Irene, sendo así o terceiro que se fundaba na cidade, tras o Santa Irene (masculino) e o antigo feminino (agora San Tomé de Freixeiro). No primeiro curso matricularonse 150 alumnos, todos varóns, para estudar o Bacharelato nunha época na que o ensino non era obrigatorio. No ano 1972, con 350 alumnos, o centro pasou a denominarse o Mixto número 3 (os outros dous eran o do Calvario e o de Coia) e seguiu impartindo BUP e COU en réxime diúrno e nocturno. Tras varios anos de mobilizacións da comunidade educativa e do barrio, no ano 1994 derrubouse o antigo edificio e ergueuse o actual Instituto de Ensino Secundario A Guía.*

*Entre os seus profesores célebres figuran o escritor Gonzalo Torrente Ballester ou o pintor e artista gráfico Francisco Mantecón.*

*O IES A Guía ten mudado de nome e de plans de estudos, pero mantivo sempre a vocación de impartir unha ensinanza axeitada ás necesidades do alumnado e promovendo o pensamento crítico.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:06	Páxina 7 de 16
4383-1101	CSV: A5AD5A-2FD3BH-B7EC57-B1CB8L-XP6VA5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**2.- CEIP LOPE DE VEGA.**

O centro de Educación Infantil e Primaria, situado na parroquia de Sárdoma, conta con 50 anos de traxectoria guiados polo deber de educar e formar ao alumnado que pasou polas súas aulas.

O Lope de Vega conta cunha comunidade educativa implicada no día a día do centro: a unión da dirección, o profesorado, as nais e os pais é un dos piares nos que se sostén o seu proxecto formativo.

**3.- CEIP COLEXIO QUIÑONES DE LEÓN.**

O Colexio Quiñones de León, situado no barrio do Calvario, nace no ano 1974 coa intención de ofrecer á cidade unha proposta integradora de coñecementos e respecto á liberdade e á pluralidade de ideas.

O centro imparte formación desde os tres ata os dezaseis anos, cubrindo as etapas de Infantil, Primaria e Secundaria e permitindo ao alumnado recibir todo o ensino nun mesmo lugar.

- EX AEQUO ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS.

**4.- CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL -COIA.**

Baixo a denominación "Agrupación Deportiva Seis do Nadal" bota a andar no ano 1983 a sección deportiva da ANPA do Colexio Público Seis do Nadal que ofrecía actividades non só para o alumnado do centro, senón tamén para o barrio de Coia, como unha forma de ocupar o tempo libre das nenas e nenos da zona nun momento no que había poucos servizos. Hoxe o Club de Baloncesto Seis do Nadal leva corenta 40 anos de traxectoria cunha das canteiras máis nutridas de toda Galicia grazas ao labor da súa presidenta Iria Otero; grazas á dirección deportiva de Sergio González e grazas á guía permanente do seu fundador Aalí Mohamed.

**5.- CELTA ATLETISMO - REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO**

Cen anos de historia no atletismo da cidade, cen anos de competicións. O Celta de atletismo celebra o seu primeiro centenario con moitas metas alcanzadas: xogos olímpicos, campionatos de Europa, iberoamericanos, mediterráneos, títulos nacionais absolutos e multitude de marcas.

Unha historia que comezou da man de Manuel de Castro "Hándicap", unha das máis prestixiosas personalidades deportivas galegas. Ao regresar da Olimpíada de París, onde acudiu como informador, pensou que no Celta de fútbol, nacido un ano antes, tiñan cabida as competicións atléticas. Así foi como o seu irmán Fernando de Castro, directivo céltico e marca galega de peso e disco en 1921, puxo en marcha a sección de atletismo.

No palmarés do club, figuran olímpicos célticos históricos que marcan o camiño dunha entidade que segue formando atletas na súa escola deportiva.

**6.- CLUB DEPORTIVO COIA.**

Sendo un dos clubs máis antigos de Galicia, polas súas filas pasaron miles de xogadores desde os seus inicios en 1911. Máis de cen anos de historia nos que o Club Deportivo Coia non perdeu nin un ano de competición. Inscrito na primeira Federación Española de Fútbol en 1913, sobreviviu á Guerra Civil na liga creada pola Falanxe con actividade nas ligas locais e comarcais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:06	Páxina 8 de 16
4383-1101	CSV: A5AD5A-2FD3BH-B7EC57-B1CB8L-XP6VA5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



A súa orixe está en “Los Invencibles”, un grupo de mozos que xogaba no Berbés ante os mariñeiros ingleses e holandeses que fixeron do balón a súa paixón. Co tempo, foron a Florida e o campo da Bouza os que viron medrar a un club impulsado por nomes como Pepe Villar, o socio número un. Un club comprometido coa canteira porque segue cimentando as bases do seu futuro no talento da súa escola deportiva.

- IN MEMORIAM

#### 7.- EMILIO SOTELINO- LEMBRANZAS GALEGAS.

Emilio Sotelino Domarco é un referente da tradición folclórica en Galicia. Comezou aos 17 anos como bailarín e, dende entón, estivo sempre vinculado ao folclore nas diferentes responsabilidades que asumiu.

Foi responsable durante 40 anos da compañía Lembranzas Galegas, onde entrou con 20 anos, para facerse coa dirección dez anos despois. Membro fundador da Asociación Interfolk, exerceu como coordinador do Festival Folclórico Internacional de Vigo en varias edicións e presidiu a Federación Galega de Grupos de Danza.

Sotelino foi pioneiro no estudo etnográfico e na investigación do folclore tradicional, afañouse en recoller pezas antigas de baile, canto e pandeireta por toda Galicia, e empeñouse en darlle ao baile tradicional o espazo que merece, inculcando nos bailaríns outro xeito de entender o folclore e impartindo cursos por recoñecidos etnógrafos e coreógrafos.

En Vigo queda o seu legado como gran embaixador do noso folclore e da nosa cidade.

- EX AEQUO ÁS ENTIDADES CULTURAIS E SOCIAIS

#### 8.- CORAL POLIFÓNICA DO CENTRO CULTURA DE VALLADARES.

A Masa Coral de Valladares foi un dos primeiros e máis importantes proxectos culturais do antigo Teleclub desta parroquia que, no ano 1971, fixo un chamamento á veciñanza para que formara parte desta iniciativa. Coa inscrición dos compoñentes comezou o traballo de José Iglesias, director de banda de música, e de Antonio Piñeiro, músico profesional militar, pero, sobre todo de Francisco Rey Rivero, destacado compositor e de probada experiencia para asegurar que a coral nacesse con tódalas garantías na parte didáctica.

A principios do ano 1974, co número suficiente de compoñentes e mestres cualificados, a coral fixo a súa presentación pública nas festas patronais de San Campio.

Dende entón e ao longo destes 50 anos, a coral ten actuado en moitos escenarios de España e de Portugal cun amplo repertorio que quere satisfacer os oídos de tódolos públicos e levando o nome de Vigo fóra das nosas fronteiras.

#### 9.- CORAL POLIFÓNICA DA SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA “ATLÁNTIDA” DE MATAMÁ.

Nace no ano 1974 baixo a dirección de José Oliveira. A partir de 1982 succédeno no cargo distintos directores e, desde 2009, o seu responsable é Enrique Lorenzo. Ao longo destes anos, este conxunto de voces, ademais de actuar por toda Galicia, España e incluso no estranxeiro, realizou colaboracións con destacados grupos musicais e compañías de teatro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:06	Páxina 9 de 16
4383-1101	CSV: A5AD5A-2FD3BH-B7EC57-B1CB8L-XP6VA5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Na actualidade conta con máis de corenta compoñentes que traballan nun amplo repertorio que vai dende a música relixiosa ás zarzuelas, coros de coñecidas óperas, panxoliñas, habaneras ou cantos populares.

#### 10.- ASOCIACIÓN DE VIÚVAS DEMÓCRATAS DE VIGO.

A entidade nace no ano 2005 da unión dun grupo de mulleres coa vontade de arroupar e acompañar ás viúvas e ás súas familias e defender os seus intereses comúns. Promoven e defenden unha política social progresista que atenda os intereses das viúvas presentando reivindicacións ante todas as administracións.

Ademais, a Asociación de Viúvas Demócratas de Vigo fomenta actividades e recursos que permitan o encontro e o desenvolvemento social e persoal das mulleres viúvas alentándoas na defensa dunha vida digna que lle proporcione a liberdade de desenvolver a súa personalidade no terreo que decida.

Desde a súa creación conta con delegacións en Moaña, Cangas, Hío, Aldán e Bueu.

#### 11.- SON DAS FLORES, PROXECTO MUSICAL, SOCIAL E PEDAGÓXICO.

Son das Flores é un proxecto musical, social e pedagóxico nacido no Ceip Vicente Risco de Vigo co obxectivo de empregar a música como ferramenta de transformación social e desenvolvemento persoal. No ano 2021, o profesorado creou unha orquestra infantil co alumnado que, a través da música, consegue mellorar a súa capacidade intelectual, o razoamento lóxico e abstracto e a creatividade. Ao tempo, o traballo en grupo apréndelles valores como tolerancia, respecto, empatía ou responsabilidade.

A orquestra fórmana máis de 40 nenos e nenas de entre 6 e 12 anos, de 14 nacionalidades diferentes, algúns en situación de vulnerabilidade social, para os que o proxecto serve como espazo de ocio educativo e integrador, co que traballan a súa autoestima.

#### 12.- MARÍA REIMÓNDEZ MEILAN, ESCRITORA E TRADUTORA.

María Reimóndez Meilán é doutora en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo e ten publicadas máis de 50 obras como autora ou co-autora, tanto de poesía como de narrativa, literatura infantil e xuvenil ou ensaio. Tradutora dun amplo número de títulos literarios escritos en lingua española, inglés ou alemán, ten sido colaboradora e articulista en diferentes medios de comunicación. Recibiu, entre outros, o Premio Xerais 2014, o premio de novela outorgado por Mulleres Progresistas de Vigo en 2003, o Premio Xosé María Álvarez Blázquez en 2014 e en 2023 Premio Jules Vernes de Literatura Infantil pola súa última obra "Furia". Vigo aparece retratada de forma recorrente na súa obra; a ela dedica "Moda galega" e nela transcorre "O club da calceta" e aparece tamén en "Fóra do normal" e "Furia". Comprometida feminista, da defensa dos dereitos humanos e a cooperación internacional, fundou a ONG Implicadas/os no Desenvolvemento que traballa na India e Etiopía polo desenvolvemento integral e o combate das discriminacións de xénero.

#### C) INCIDENCIA ECONÓMICA

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para os galardoados/as, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

#### IV.-PROPOSTA DE ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:06	Páxina 10 de 16
4383-1101	CSV: A5AD5A-2FD3BH-B7EC57-B1CB8L-XP6VA5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Polo exposto, en atención aos especiais e importantes méritos recollido na parte expositiva deste informe-proposta e no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía Presidencia contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elevase ao órgano Pleno a seguinte..."*

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporada á Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco (25) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO.

*PRIMEIRO.- Aprobar a concesión dos galardóns de " Viguesas e Vigueses Distinguidas/os 2024", consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, ás persoas e entidades que se conteñen na parte expositiva do informe, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren nos candidatas e candidatos propostos seguintes:*

**- EX AEQUO ÁS ENTIDADES EDUCATIVAS CON 50 ANOS O MAIS DE PERMANENCIA NA CIDADE.**

#### 1.- IES A GUÍA

*Este centro educativo naceu no ano 1967 como Sección Delegada do Instituto masculino Santa Irene, sendo así o terceiro que se fundaba na cidade, tras o Santa Irene (masculino) e o antigo feminino (agora San Tomé de Freixeiro). No primeiro curso matriculáronse 150 alumnos, todos varóns, para estudar o Bacharelato nunha época na que o ensino non era obrigatorio. No ano 1972, con 350 alumnos, o centro pasou a denominarse o Mixto número 3 (os outros dous eran o do Calvario e o de Coia) e seguiu impartindo BUP e COU en réxime diúrno e nocturno. Tras varios anos de mobilizacións da comunidade educativa e do barrio, no ano 1994 derrubouse o antigo edificio e ergueuse o actual Instituto de Ensino Secundario A Guía.*

*Entre os seus profesores célebres figuran o escritor Gonzalo Torrente Ballester ou o pintor e artista gráfico Francisco Mantecón.*

*O IES A Guía ten mudado de nome e de plans de estudos, pero mantivo sempre a vocación de impartir unha ensinanza axeitada ás necesidades do alumnado e promovendo o pensamento crítico.*

#### 2.- CEIP LOPE DE VEGA.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:06	Páxina 11 de 16
4383-1101	CSV: A5AD5A-2FD3BH-B7EC57-B1CB8L-XP6VA5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O centro de Educación Infantil e Primaria, situado na parroquia de Sárdoma, conta con 50 anos de traxectoria guiados polo deber de educar e formar ao alumnado que pasou polas súas aulas.

O Lope de Vega conta cunha comunidade educativa implicada no día a día do centro: a unión da dirección, o profesorado, as nais e os pais é un dos piares nos que se sostén o seu proxecto formativo.

### 3.- CEIP COLEXIO QUIÑONES DE LEÓN.

O Colexio Quiñones de León, situado no barrio do Calvario, nace no ano 1974 coa intención de ofrecer á cidade unha proposta integradora de coñecementos e respecto á liberdade e á pluralidade de ideas.

O centro imparte formación desde os tres ata os dezaseis anos, cubrindo as etapas de Infantil, Primaria e Secundaria e permitindo ao alumnado recibir todo o ensino nun mesmo lugar.

- EX AEQUO ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS.

### 4.- CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL - COIA.

Baixo a denominación "Agrupación Deportiva Seis do Nadal" bota a andar no ano 1983 a sección deportiva da ANPA do Colexio Público Seis do Nadal que ofrecía actividades non só para o alumnado do centro, senón tamén para o barrio de Coia, como unha forma de ocupar o tempo libre das nenas e nenos da zona nun momento no que había poucos servizos. Hoxe o Club de Baloncesto Seis do Nadal leva corenta 40 anos de traxectoria cunha das canteiras máis nutridas de toda Galicia grazas ao labor da súa presidenta Iria Otero; grazas á dirección deportiva de Sergio González e grazas á guía permanente do seu fundador Aalí Mohamed.

### 5.- CELTA ATLETISMO - REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO

Cen anos de historia no atletismo da cidade, cen anos de competicións. O Celta de atletismo celebra o seu primeiro centenario con moitas metas alcanzadas: xogos olímpicos, campionatos de Europa, iberoamericanos, mediterráneos, títulos nacionais absolutos e multitude de marcas.

Unha historia que comezou da man de Manuel de Castro "Hándicap", unha das máis prestixiosas personalidades deportivas galegas. Ao regresar da Olimpíada de París, onde acudiu como informador, pensou que no Celta de fútbol, nacido un ano antes, tiñan cabida as competicións atléticas. Así foi como o seu irmán Fernando de Castro, directivo céltico e marca galega de peso e disco en 1921, puxo en marcha a sección de atletismo.

No palmarés do club, figuran olímpicos célticos históricos que marcan o camiño dunha entidade que segue formando atletas na súa escola deportiva.

### 6.- CLUB DEPORTIVO COIA.

Sendo un dos clubs máis antigos de Galicia, polas súas filas pasaron miles de xogadores desde os seus inicios en 1911. Máis de cen anos de historia nos que o Club Deportivo Coia non perdeu nin un ano de competición. Inscrito na primeira Federación Española de Fútbol en 1913, sobreviviu á Guerra Civil na liga creada pola Falanxe con actividade nas ligas locais e comarcais.

A súa orixe está en "Los Invencibles", un grupo de mozos que xogaba no Berbés ante os mariñeiros ingleses e holandeses que fixeron do balón a súa paixón. Co tempo,



Copia do documento - Concello de Vigo  
4383-1101

Data impresión: 02/08/2024 10:06

Páxina 12 de 16

CSV: A5AD5A-2FD3BH-B7EC57-B1CB8L-XP6VA5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

*foron a Florida e o campo da Bouza os que viron medrar a un club impulsado por nomes como Pepe Villar, o socio número un. Un club comprometido coa canteira porque segue cimentando as bases do seu futuro no talento da súa escola deportiva.*

**- IN MEMORIAM**

**7.- EMILIO SOTELINO - LEMBRANZAS GALEGAS.**

*Emilio Sotelino Domarco é un referente da tradición folclórica en Galicia. Comezou aos 17 anos como bailarín e, dende entón, estivo sempre vinculado ao folclore nas diferentes responsabilidades que asumiu.*

*Foi responsable durante 40 anos da compañía Lembranzas Galegas, onde entrou con 20 anos, para facerse coa dirección dez anos despois. Membro fundador da Asociación Interfolk, exerceu como coordinador do Festival Folclórico Internacional de Vigo en varias edicións e presidiu a Federación Galega de Grupos de Danza.*

*Sotelino foi pioneiro no estudo etnográfico e na investigación do folclore tradicional, afañouse en recoller pezas antigas de baile, canto e pandeireta por toda Galicia, e empeñouse en darlle ao baile tradicional o espazo que merece, inculcando nos bailaríns outro xeito de entender o folclore e impartindo cursos por recoñecidos etnógrafos e coreógrafos.*

*En Vigo queda o seu legado como gran embaixador do noso folclore e da nosa cidade.*

**- EX AEQUO ÁS ENTIDADES CULTURAIS E SOCIAIS**

**8.- CORAL POLIFÓNICA DO CENTRO CULTURA DE VALLADARES.**

*A Masa Coral de Valladares foi un dos primeiros e máis importantes proxectos culturais do antigo Teleclub desta parroquia que, no ano 1971, fixo un chamamento á veciñanza para que formara parte desta iniciativa. Coa inscrición dos compoñentes comezou o traballo de José Iglesias, director de banda de música, e de Antonio Piñeiro, músico profesional militar, pero, sobre todo de Francisco Rey Rivero, destacado compositor e de probada experiencia para asegurar que a coral nacesse con tódalas garantías na parte didáctica.*

*A principios do ano 1974, co número suficiente de compoñentes e mestres cualificados, a coral fixo a súa presentación pública nas festas patronais de San Campio.*

*Dende entón e ao longo destes 50 anos, a coral ten actuado en moitos escenarios de España e de Portugal cun amplo repertorio que quere satisfacer os oídos de tódolos públicos e levando o nome de Vigo fóra das nosas fronteiras.*

**9.- CORAL POLIFÓNICA DA SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA "ATLÁNTIDA" DE MATAMÁ.**

*Nace no ano 1974 baixo a dirección de José Oliveira. A partir de 1982 sucédeno no cargo distintos directores e, desde 2009, o seu responsable é Enrique Lorenzo. Ao longo destes anos, este conxunto de voces, ademais de actuar por toda Galicia, España e incluso no estranxeiro, realizou colaboracións con destacados grupos musicais e compañías de teatro.*

*Na actualidade conta con máis de corenta compoñentes que traballan nun amplo repertorio que vai dende a música relixiosa ás zarzuelas, coros de coñecidas óperas, panxoliñas, habaneras ou cantos populares.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:06	Páxina 13 de 16
4383-1101	CSV: A5AD5A-2FD3BH-B7EC57-B1CB8L-XP6VA5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

#### 10.- ASOCIACIÓN DE VIÚVAS DEMÓCRATAS DE VIGO.

A entidade nace no ano 2005 da unión dun grupo de mulleres coa vontade de arroupar e acompañar ás viúvas e ás súas familias e defender os seus intereses comúns. Promoven e defenden unha política social progresista que atenda os intereses das viúvas presentando reivindicacións ante todas as administracións.

Ademais, a Asociación de Viúvas Demócratas de Vigo fomenta actividades e recursos que permitan o encontro e o desenvolvemento social e persoal das mulleres viúvas alentándoas na defensa dunha vida digna que lle proporcione a liberdade de desenvolver a súa personalidade no terreo que decida.

Desde a súa creación conta con delegacións en Moaña, Cangas, Hío, Aldán e Bueu.

#### 11.- SON DAS FLORES. PROXECTO MUSICAL, SOCIAL E PEDAGÓXICO.

Son das Flores é un proxecto musical, social e pedagóxico nacido no Ceip Vicente Risco de Vigo co obxectivo de empregar a música como ferramenta de transformación social e desenvolvemento persoal. No ano 2021, o profesorado creou unha orquestra infantil co alumnado que, a través da música, consegue mellorar a súa capacidade intelectual, o razoamento lóxico e abstracto e a creatividade. Ao tempo, o traballo en grupo apréndelles valores como tolerancia, respecto, empatía ou responsabilidade.

A orquestra fórmana máis de 40 nenos e nenas de entre 6 e 12 anos, de 14 nacionalidades diferentes, algúns en situación de vulnerabilidade social, para os que o proxecto serve como espazo de ocio educativo e integrador, co que traballan a súa autoestima.

#### 12.- MARÍA REIMÓNDEZ MEILAN, ESCRITORA E TRADUTORA.

María Reimóndez Meilán é doutora en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo e ten publicadas máis de 50 obras como autora ou co-autora, tanto de poesía como de narrativa, literatura infantil e xuvenil ou ensaio. Tradutora dun amplo número de títulos literarios escritos en lingua española, inglés ou alemán, ten sido colaboradora e articulista en diferentes medios de comunicación. Recibiu, entre outros, o Premio Xerais 2014, o premio de novela outorgado por Mulleres Progresistas de Vigo en 2003, o Premio Xosé María Álvarez Blázquez en 2014 e en 2023 Premio Jules Vernes de Literatura Infantil pola súa última obra "Furia". Vigo aparece retratada de forma recorrente na súa obra; a ela dedica "Moda galega" e nela transcorre "O club da calceta" e aparece tamén en "Fóra do normal" e "Furia". Comprometida feminista, da defensa dos dereitos humanos e a cooperación internacional, fundou a ONG Implicadas/os no Desenvolvemento que traballa na India e Etiopía polo desenvolvemento integral e o combate das discriminacións de xénero.

SEGUNDO.- "Notificar o presente acordo ás/ós galardoadas e galardoados e publicar o mesmo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno".

### ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario Vigueses Distinguidos e Medalla da Cidade 2024  
Legislatura: Mandato 2023-2027



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:06	Páxina 14 de 16
4383-1101	CSV: A5AD5A-2FD3BH-B7EC57-B1CB8L-XP6VA5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Órgano : Pleno  
Fecha Inici: Lunes, 25 de Marzo de 2024 11:17:18  
Fecha Fin : Lunes, 25 de Marzo de 2024 11:33:51  
Duración : 00:16:33

- HTML

[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3434](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3434)

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 222 MiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/glgq5wLClxZ0zIJz1doetKG8iZjbgY3911JWNqPpLJFYp6u.wmv>

SHA512 - f058f4202dbe908ce32de91fff2ce558b5ffff8ece9e6889b577172a43665f4e79dc6db8a8122fb3c46a96cba7aabc8694a81883afcd15e9ade8e467614a33f3bf

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 81 MiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/z0JNp4yBaEtQtrimpKkazsp5A13X9MgE4e90HZ9ueP6BTwYR.mp4>

SHA512 - fb7df2bf27f438f5f728f64624bc80e843208f80e2f95b707af71d96e9f26c9460eb5972c5a4953e0f4a5d30cb1d9eb56914934b82b709b6e4ad00f718ac4f7c

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Manuel; Iglesias López, Patricia; García González, Patricia; Garrido Valenzuela, Irene; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Martín Peña, José Miguel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.

00:00:28 - Caballero Álvarez, Abel

00:00:49 : 1.- Concesión Medalla da Cidade. Expte. 20061/101. Expte. Pleno 4328/1101.

00:00:55 : 2.- Nomeamento de Vigueses Distinguidos. Expte. 20060/101. Expte. Pleno 4329/1101.

00:01:26 - Pérez Iglesias, Xabier

00:08:00 - Martín Peña, José Miguel

00:10:08 - Caballero Álvarez, Abel

00:10:14 - López Font, Carlos

00:15:16 - Caballero Álvarez, Abel

00:15:32 - Votación Punto 1º Concesión Medalla da Cidade

00:16:03 - Votación punto 2º Nomeamento de Vigueses Distinguidos

-- 0 --



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:06	Páxina 15 de 16
4383-1101	CSV: A5AD5A-2FD3BH-B7EC57-B1CB8L-XP6VA5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e trinta e cinco minutos (11:35) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión extraordinaria de data 25.03.2024, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 7/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.  
am.

A PRESIDENCIA  
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO DE ADMÓN. MUNICIPAL  
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:06	Páxina 16 de 16
4383-1101	CSV: A5AD5A-2FD3BH-B7EC57-B1CB8L-XP6VA5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		